

# CURTAMETRAXES ABBAS KIAROSTAMI

# 929

PASE ÚNICO EN NUMAX: 10.05.2022 | V.O.S.E. | 20:00

A sesión de apertura da Retrospectiva dedicada a Abbas Kiarostami inclúe a proxección de tres curtametraxes e unha mediametraxe realizadas nos anos setenta polo directora iraniano:

## **A hora do recreo**

(Zang-e Tafrih, 1972, 14')

## **Dúas solucións para un problema**

(Dow Rahehal Baraye yek Massaleh, 1975, 4')

## **Solución núm. 1**

(Rah-e hal-e yek, 1978, 11')

## **Primeiro caso, segundo caso**

(Ghazieh-e Shekl-e Aval, Ghazieh-e Shekl-e Dou Wom , 1979, 53')

Presentación previa ao pase a cargo do xornalista, escritor e membro do Cineclub de Compostela Iván Cuevas.



## Primeiro casi, segundo caso

Por Ehsan Khoshbakht

Este semidocumental prohibido e moi pouco visto de Abbas Kiarostami é un exemplo da sabedoría política do director persa e súa ollada cara aos tumultuosos acontecementos de finais dos 70 en Irán que culminaron na Revolución Islámica de 1979. Curiosamente conseguíuno sen saír da súa zona de confort, a aula dunha escola, e manténdose fiel ao seu estilo inquisitivo, cunha manipulación sutil e creativa da realidade filmada. Aquí, ademais, engade o formato da entrevista ao seu dispositivo, tomando o pulso á sociedade iraniana a través da contraposición de puntos de vista.

A premisa é incrivelmente simple, case unha variación da súa curtametraxe *Dúas solucións para un problema* (1975). Vemos un profesor debuxando o anaco dunha orella nun encerado citando xa de maneira sutil o tema da escoita-vixilancia. Un alumno bate o seu bolígrafo sobre a mesa cada vez que o profesor se pon de costas. O profesor pide aos alumnos que nomeen o culpable. Néganse. O profesor expulsa a sete dos alumnos advertíndolles de que só lles permitirá volver se identifican o culpable. Esta secuencia se interrompe cando o propio Kiarostami amosa a filmación dos incidentes a estudantes, artistas, políticos, escritores -mesmo representates das comunidades xudías e cristiás- preguntándolles se os estudantes deben permanecer unidos ou delatar o culpable.

A filmación comezou pouco antes da revolución de 1979 e continou despois da súa proclamación, o que lle deu a Kiarostami a idea de incluír as opinións dalgúns membros do novo réxime. Isto engade unha nova carga de profundidade ao filme, converténdose nun fresco social que afonda nos dilemas claves da revolución no Irán: traizón ou camaradería; valores morais ou integridade de grupo; dereitos humanos ou obxectivos ideolóxicos? O destino dos entrevistados releva a inusual sabedoría e profunda simplicidade de Kiarostami, pois varios deles foron apresados polas súas ideas políticas e cando menos un deles foi executado xa na década dos oitenta.

Publicado no [harvardfilmarchive.org](http://harvardfilmarchive.org)



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Abbas Kiarostami,*  
Alberto Elena  
Cátedra, 2002

*Abbas Kiarostami,*  
Jonathan Rosenbaum,  
Mehrnaz Saeed-Vafa  
Los Ríos, 2013

*Close-up,*  
Abbas Kiarostami.  
Acontracrriente [DVD]